

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 15 de decembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día quince de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1523).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1524).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS PRESENTADOS EN RELACIÓN ÁS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2014. EXPTE 11501/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.12.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 21 de novembro de 2014, acordou o outorgamento das Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2014,*

cunha disposición total de 150.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do Estado de Gastos do orzamento de 2014.

En cumprimento da base 5ª das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014 procedeuse á publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello e á notificación ás empresas beneficiarias destas axudas. Contra esta resolución recepcionáronse polo rexistro, dentro do prazo establecido, os recursos que, de seguido, se relacionan:

Expte. : 11158/77

Doc.: 140145866

Solicitante: Gabriel Balín Nogueira

Reclama a revisión da resolución relativa á concesión da axuda ao detectar erros no cálculo da axuda concedida.

O recurso presentouse en prazo, segundo a base 5ª das Bases reguladoras e convocatoria. Revisado o seu expediente, constátase o erro no cálculo da axuda a conceder polo que corresponde outorgar unha axuda por un montante de 2173,81€ que supón unha diferenza de 487,25€ respecto a axuda de 1686,56€ que se outorgou.

Expte. : 11161/77

Doc.: 140147099

Solicitante: Juan Manuel Mejuto Barcala

Reclama a revisión da resolución relativa á concesión da axuda ao non incluír unha das facturas aportadas no expediente.

O recurso presentouse en prazo, segundo a base 5ª das Bases reguladoras e convocatoria. Revisado o seu expediente, constátase que na documentación achegada figura a factura do aluguer do local e o contrato de arrendamento correspondente, aínda que non se relaciona xunto coas restantes facturas obxecto de subvención polo que procede outorgar unha axuda por un importe de 2419,62€ que supón unha diferenza de 500,00€ respecto a axuda de 1919,62€ que se concedeu.

Por todo o exposto, examinadas os antecitados recursos e tendo en conta as Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2014, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Admitir os recursos presentados contra o acordo de adjudicación da Axuda Municipal á Creación de Empresas e outorgar as contías que, de seguido, se relacionan. O montante total de 987,25€ correspondente ás diferenzas respecto a axuda concedida se farán con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á creación de empresas":

Expte.	Solicitante	Axuda concedida	Axuda a conceder	Diferenza
11158/77	Gabriel Balín Nogueira	1686,56€	2173,81€	487,25€
11161/77	Juan Manuel Mejuto Barcala	1919,62€	2419,62€	500,00€
			Total	987,25€

**SEGUNDO.-** Dar conta ás persoas beneficiarias do acordo adoptado en resposta aos recursos presentados.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1525).- OUTORGAMENTO DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA PARA O ANO 2014. EXPTE. 11454/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.12.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos o fomento do emprego. Deste xeito, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego desenvolve, entre outros, o programa de "Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa", como estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 26 de setembro de 2014, aprobou as bases reguladoras da convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, cunha disposición total de 500.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil" do Estado de Gastos do orzamento de 2014 contabilizándose o RC Núm. 201400064644 (achégase copia do informe de intervención). Estas axudas foron publicadas no BOP nº 188, do martes 30 de setembro de 2014 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.*

*Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do concello pola comisión de valoración e seguimento das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa, nomeada para tal fin, verifícase que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria. A falta dos TC2 correspondentes ao mes posterior á realización da transformación da modalidade de contratación está xustificada ao non estar emitidos polo organismo competente, aínda que o outorgamento destas axudas deberá estar condicionada a súa recepción no momento da xustificación.*

*O acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 02.12.2014 que se achega no expediente, na que se indica que as persoas solicitantes destas axudas cumpren os requisitos esixidos nas bases e convocatoria, propónse á Xunta de Goberno Local a concesión destas axudas por un importe total de 12830,00€.*

*Segundo o acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 11.12.2014 que se achega, conséntase a solicitude de axuda para a transformación en indefinidos de contratos de relevo aos que procedería outorgar a axuda que corresponda ao cumprir o establecido na Base 1ª, apartado 1.3.5 das bases reguladoras e convocatoria: "Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses desde a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais cuxa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades celebradas sen ruptura de continuidade". Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Propoñer a concesión, por un importe de 28410,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil" das axudas seguintes:*

NÚM. EXP-TE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	PROGRAMASOLICITADO	IMPORTE EN EUROS
11377/77	LA PEZERA DE VIGO, SL	36133430Q	ITIVI	2.500,00 €
11378/77	Mª DOLORES FRANCOS GONZÁLEZ	B95043600	ITIVI	1.250,00 €
11381/77	PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, SA	F36861656	ITIVI	24660,00 €

SEGUNDO: Propoñer a denegación, por non cumprir os requisitos ou por non achegar a documentación requirida, das solicitudes seguintes:

NÚM. EXPTE.	NOME E APELIDOS	DNI/CIF	PROGRAMA SOLICITADO	MOTIVO DENEGACIÓN
11376/77	Mª PILAR SÍO REY	G36624120	ICV	Incumprimento da Base 1ª, apdo. 1.5.3 (1)
11379/77	Mª JESÚS LOUREIRO VARELA	36125103S	ICV	Incumprimento da Base 1ª, apdo. 1.5.2 e da Base 4ª, apdo. 4.1 (2)
11380/77	DANIEL VALDÉS VILCHES	A36629020	ITIVI	Incumprimento da Base 1ª, apdo. 1.5.3 (1)

(1) Base 1ª, apdo. 1.5.3: “ Non ter débedas co Concello de Vigo. No caso contrario procederáse do mesmo xeito que no apartado 1.5.2.”

(2) Base 1ª, apdo. 1.5.2: “Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social...”

Base 4ª, apdo. 4.1.: “... Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base 4ª, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días naturais, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1526).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO. EXPTE. 2591/440.**

Visto o informe de fiscalización do 12.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

##### 5.- Propostas de adxudicación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto” (expediente 2591-440)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa Ramón Nieto" (PCAP).

## ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 3 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto" de COPCISA, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto" (expediente 2591-440), no seguinte orde decrecente:*

	LICITADOR	PUNTOS
1	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	97,51
2	ORECO, S.A.	89,23
3	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	84,43
4	CIVISGLOBAL, S.L.	84,27
5	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	84,15
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	79,53
7	ORESA, S.L.	78,52
8	HORDESCON, S.L.	74,44
9	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES AROSA, S.L.	66,46
10	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	36,26

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.

- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 28 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 9 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 10 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de data 21-11-2014 do xefe de Area de Fomento, valorando os criterios non avaliábles mediante fórmula e 26-11-2014, 01-12-2014 e 02-12-2014 do xefe de Area de Fomento de 25-11-2014, valorando a xustificación presentada polos licitadores cuxas ofertas conteñen valores anormais e os criterios avaliábles mediante fórmula e establecendo a puntuación final respectivamente. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto” (expediente 2591-440) por un prezo de 110.500 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 66 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1527).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ANEXO Nº 3 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, INCLUÍDA NAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS RÚA NO NÚCLE URBANO. EXPTE. 2897/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 15.12.14, conformado polo delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Localidade e situación: CONCELLO DE VIGO, rúa Juan Ramón Jiménez*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO*

*Autor/a do proxecto: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*

*Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*

*Contratista titular do plan: MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D.AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*

*Autor/a ANEXO Nº 3 ao plan de seguridade e saúde no traballo: JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU),*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

- *Anexo nº 3 ao Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*
- *Obra no expediente o informe favorable do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o anexo nº 3 ao Plan de Seguridade e Saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención.*

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobar o ANEXO Nº 3 ao Plan de Seguridade e Saúde da rúa Juan Ramón Jiménez, incluída nas obras de reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A., a cal a súa vez xunto co Anexo nº 3 ao Plan de Seguridade e Saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1528).- PLAN DE SEGURIDADE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO I-2014. EXPTE. 2896/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Vías e Obras, da mesma data, conformado polo delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: "REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO I-2014". Expte. 71990/250.

Localidade e situación:

Rúa Pizarro (entre Praza de España e Vázquez Varela)

Túnel Praza España

Túnel Martínez Garrido

Avda de Madrid

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. JUAN MANUEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ

Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO

Contratista titular do plan: NAROM S. L

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D. JUAN MANUEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: :D. JUAN MANUEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: NAROM S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. MAXIMINO GARCÍA SÁNCHEZ (CÍES ATLÁNTICO SLU).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: NAROM S.L.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións con-



cordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO I-2014". Expte. 71990/250.
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria NAROM S.L. a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1529).- PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 2890/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe da Área de Fomento, do 12.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- O estadio de fútbol municipal de Balaídos é a instalación deportiva máis representativa da cidade en canto que no mesmo disputa os seus encontros oficiais o Real Club Celta de Vigo, militante nas máis altas divisións do fútbol español.

*O proxecto inicial do estadio, redactado polo arquitecto Jenaro de la Fuente a principios do século pasado, plasmou nunha obra que, alonxada do proxecto orixinal, foi obxecto de sucesivas obras de mellora e ampliación, a última das cales —a demolición e reconstrución da nova Grada de Río— data de 1981-1982, con ocasión da elección de Vigo como unha das sedes do Mundial de Fútbol de 1982; obras e ampliacións que deron lugar ás actuais instalacións do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos, que pola súa antigüidade carecen da operatividade e funcionalidade que hoxe require este tipo de equipamento deportivo.*

*2.- A importante proxección da imaxe pública da cidade de Vigo que implica a presenza do Real Club Celta de Vigo nas altas divisións do fútbol español, coa súa significativa incidencia nos sectores económicos de cidade, dunha parte, e a antigüidade e inadecuación das actuais instalacións do estadio ás necesidades actuais, por outra, determinaron ao Concello de Vigo a iniciar o necesario proceso de transformación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos co fin de modernizar e adaptar as súas instalacións a unha concepción actual, funcional e operativa, das mesmas, así como a transformar a imaxe obsoleta do recinto, co obxecto de proporcionar ás instalacións unha imaxe formal conxunta e identificativa do estadio.*

*3.- Por Decreto do Alcalde, de data 3 de xuño de 2014, delegouse no Concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do expediente conducente o desenvolvemento da actuación de nominada “Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos”.*

*4.- O devandito proceso de transformación foi iniciado dende a Área de Fomento, Transportes e Contratación, co encargo e redacción, por parte de arquitecto Pedro de la Puente Crespo, en setembro de 2014, do “Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Balaídos”, en base as propostas realizadas polo Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, como usuario das instalacións, en relación á remodelación e modernización integral do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e planificar a súa execución por fases en relación a cada unha das catro gradas do estadio: “Río”, “Tribuna”, “Marcador” e “Gol”, e desta maneira poder enmarcar as actuacións previstas xa en licitación para a grada de Río dentro dun PLAN DIRECTOR, que posibilite actuacións futuras na totalidade do Estadio.*

#### **CONTIDO DO PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIIDOS:**

*A elaboración do Plan Director recolle os aspectos máis relevantes das actuacións previstas, agrupadas e secuenciadas de maneira ordenada, para evitar os atrasos e as interferencias coa actividade habitual da instalación deportiva, mostrando a metodoloxía levada a cabo para a análise e a definición de modelo de instalación deportiva que se propón para o futuro.*

*Funcionalmente, preténdese adaptar as instalacións a unha concepción actual, funcional e operativa, de maneira que as bancadas, o campo e as instalacións anexas formen un conxunto perfectamente integrado e racional no seu funcionamento.*

*Tamén preténdese dar resposta a unha vella demanda de todos os usuarios, achegar o campo á afición. Para iso, aínda que se expoñen zonas cunha remodelación integral, tentouse, conservar todos os elementos non discordantes coa nova formulación. Sempre na liña dun proxecto economicamente coherente coa situación actual. Así, coas melloras xa iniciadas, consérvase a bancada de Río na súa totalidade e a bancada de Tribuna en parte. Baixo esta, a bancada de*

*preferencia refórmase na súa totalidade, demoléndoa e construíndoa de novo, para achegala todo o posible ao campo de xogo.*

*Os Fondos seguen o mesmo proceso, con obxecto de conseguir un estadio co público, moito máis próximo aos xogadores.*

*A necesidade de dotar ás instalacións dunha imaxe formal conxunta e identificativa do Estadio, xera a formulación estética adoptada, representando a imaxe das ondas en movemento, identifica plenamente o espírito da afición celeste. Vellos Himnos populares, adoptados como cantos deportivos por unha entusiasta afición, tentaron plasmarse na composición arquitectónica.*

*En definitiva, este Plan director recolle as actuacións previstas como necesarias aos indicados fins, agrupadas e secuenciadas de xeito ordeado para evitar retrasos e interferencias coa actividade habitual da instalación deportiva. O seu orzamento estimado total para a execución do PLAN é de 29.453.535,80 euros.*

*Polo exposto o PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS ten como finalidade servir de referencia e orientar o desenvolvemento das futuras actuacións que se precisen para a remodelación e modernización do Estadio, un dos referentes da cidade.*

*De conformidade co artigo 127.1.d) LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación deste PLAN DIRECTOR.*

*A súa aprobación, non implica un compromiso de gasto directo para esta Administración municipal, polo cal non é necesario informe a Intervención Xeral do Concello.*

*Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*1º.- Aprobar o PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS, redactado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, coa finalidade de servir de referencia as actuacións para a súa remodelación e modernización, e convertilo nunha referencia deportiva e turística da Cidade.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1530).- NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL”. EXPTE. 2469/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe da Área de Fomento, do 12.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

#### 1.- Antecedentes:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL. EXPTE. 2469/440.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL. EXPTE. 2469/440.*

## 2.- Fundamentos xurídicos:

*No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 2469/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.*

*A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que "as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades".*

*Na esfera das Administracións Públicas, a coordinación de seguridade e saúde pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).*

*O artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.*

## 3.- Proposta:

*En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL. EXPTE. 2469/440., dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras, sendo adxudicados os servizos a CSM. GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL., o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:*

- *D. OSCAR PEREIRO TAIBO, DNI. 46897042-L, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro de Edificación, Colexiado VR 907 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.*

*En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en renovación da rede de saneamento, abastecemento e distribución de auga, e a implantación dun sistema de saneamento separativo de augas residuais, así como a renovación dos elementos de alumado público para mellorar a eficiencia lumínica e outras actuacións de escasa entidade, considerase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.*

*O nomeamento do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).*

*Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:*

*Primeiro: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL. EXPTE. 2469/440 ao Técnico da empresa CSM. GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.; D. OSCAR PEREIRO TAIBO, DNI. 46897042-L, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro de Edificación, Colexiado VR 907 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.*

*Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BAIXADA A RÍOS E DOUTOR CORBAL. EXPTE. 2469/440.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1531).- PROXECTO MODIFICADO Nº1 DA OBRA “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE EDUARDO IGLESIAS A VELÁZQUEZ MORENO”. EXPTE. 2546/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe da Área de Fomento, do 11.12.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

*O Sr Concelleiro da Área de Fomento, en data 27 de xaneiro de 2014 declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto citado no asunto de referencia.*

*A Xunta de Goberno Local, acorda a aprobación do proxecto citado no asunto de referencia en data 4 de xullo de 2014. Coa mesma data acordase a aprobación dos custes asociados ao expediente.*

*Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2014 dando conta dos datos da obra de referencia.*

*Noméase a Dirección Facultativa, apróbase o Plan de Seguridade e Saúde e aceptase o Plan de Xestión de Residuos en data 29 de xullo de 2014.*

*Fírmase a acta de comprobación de replanteo en data 5 de agosto de 2014, comenzando o prazo de execución establecido en 5 meses.*

#### **XUSTIFICACIÓN:**

*As obras reflicten as definicións de proxecto, pero existen unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos establecidos dende o proxecto, de forma xeral existen 2 condicionantes principais para introducir modificacións, estes condicionantes son:*

*Semipeatonalización do ámbito: Con data 10 de setembro de 2014, a Asociación de Comerciantes do Mercado do Progreso, presenta solicitude, firmada polos establecementos do entorno, solicitando a peatonalización da Ronda de Don Bosco, que se achega no derradeiro apartado do documento. Así propónse no presente proxecto modificado, elevar a cota da calzada que presentaba en proxecto diferenciación de altura, dotándoas de rasante única. Reaxustaranse neste sentido os despieces de granito que conforman a pavimentación, as zonas de aparcamento projectadas inicialmente e o ancho das beirarrúas. Ademais se colocarán xardineiras baixas para evitar a invasión das beirarrúas polos vehículos debido a este cambio de sección. O citado reaxuste da sección transversal provoca así mesmo a necesidade de incluír máis unidades de sumidoiros.*

*Execución de redes soterradas de telecomunicacións e de electricidade: Con posterioridade a aprobación do proxecto orixinal, e trala petición das diferentes empresas concesionarias, propónse o soterramento de redes aéreas existentes e a execución das diversas gabias necesarias para a instalación dos tubos.*

#### **ORZAMENTO:**

*Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto vixente aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios propostos pola dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, atenden ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria, aprobado en X.G.L. do 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos (6%) dos prezos descompostos.*

*Estas variacións non provocan modificacións do presuposto económico aprobado, mantendo éste o importe de 509.155,25 €, I.V.E. excluído, quedando xustificado o total do investimento económico, e dando lugar ao presente proxecto Modificado nº 1, sen importe adicional.*

*As citadas modificacións, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público.*

*Polo que, á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos directores de obra de data 10 de decembro pasado, e previo informe da oficina de Intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

**PROPOSTA:**

1.- *Aprobar o proxecto "MODIFICADO Nº 1, DA OBRA "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE EDUARDO IGLESIAS A VELÁZQUEZ MORENO", redactado por Soltec Ingenieros sen importe adicional e co mesmo prazo de execución de cinco meses.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1532).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 10403/445.**

Visto o informe de fiscalización do 12.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

5.- *Propostas de adxudicación.*

**a)** *Procedemento aberto para a contratación da subministración de combustible para a flota municipal (expediente 10403-445)*

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de combustible para a flota municipal (PCAP).*

**ANTECEDENTES**

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Dar conta do acordo da mesa de Contratación de 07-11-2014 polo que se excluiu a oferta presentada por Repsol Comercial de Productos Petrolíferos, S.A. por que propón un sistema de calculo de prezos para os repostaxes en gasolineiras diferentes ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da*

subministración de combustible para a flota municipal. (expediente 10403-445), no seguinte orde decrecente:

- *CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L.: 100 puntos*

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, *CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L.*, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2000 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

*Segundo.-* Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 26 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 10 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

*Terceiro.-* Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 12 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.-* A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.-* A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

*A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L., á vista do informe do xefe da área de Servizos Xerais, de data 13 de novembro de 2014, valorando os criterios avaliábeis mediante fórmula e establecendo a puntuación final. Este informe poderá consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.*

*Terceiro.-* A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar a CEPESA COMERCIAL NOROESTE, S.L., o procedemento aberto para a contratación da subministración de combustible para a flota municipal (expediente 10403-445), que propón os seguintes descontos:*

- *3,90% por litro de gasóleo A*
- *19,10% por litro de gasóleo C*
- *2,20% por litro de gasolina 95*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(1533).- RECEPCIÓN DE TRABALLOS DE XEORREFERENCIACIÓN, DOS EPÍGRAFE III A VII E USO APLICATIVO DE COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL. EXPTE. 19730/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Comisión de Seguimento e control de comprobación, revisión e actualización do Inventario municipal de bens e dereitos, do 12.12.14, que di o seguinte:

*Recibiuse neste Concello a documentación referente á Traballos de xeorreferenciación (4.237 unidades, dos epígrafes III (bens histórico-artísticos), IV, V (vehículos), VI (semoventes) e VII (bens mobles de considerable valor económico) e uso de aplicativo do contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de outubro de 2010 e adxudicado a SCI S.C. INTEGRAL S.L. (expediente 18994-240), en sesión do 11 de maio de 2012, acompañada da factura correspondente aos traballos realizados (número de rexistro de entrada 140149788), por importe total de 75.384,71 euros.*

*Comprobada a documentación e o informe do xefe de cartografía e deliñación de data 12 de decembro de 2014, no que se informa que dende o punto de vista técnico non hai inconveniente a que se proceda ao aboamento de factura, referente aos traballos realizados, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno, competente en canto órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:*

*Recibir de conformidade os traballos Traballos de xeorreferenciación, dos epígrafes III, IV, V, VI e VII e uso de aplicativo de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo efectuada pola empresa SCI S.C. INTEGRAL S.L. por importe de total de 75.384,71 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.